

La Voz de Galicia

lavozdegalicia.es

«Presentamos en Toledo novos zocos de cores con pasadores»

14/10/2005 | Deza-Tabeirós

Entrevista | Elena Ferro ZOQUEIRA

A artesá de Merza é a única zoqueira galega que presenta os seus produtos na feira Farcama

Amelia Ferreiroa |

[VOLVER](#)

O pasado venres abriuse ao público Farcama, a feira de artesanía máis importante de España que se desenvolve en Toledo ata o vindeiro domingo, día 16. -¿É a primeira vez que participa neste evento expositivo?

-Non. Iste é o terceiro ano que vimos ata aquí e vale a pena asistir porque é unha feira moi importante, a máis grande do noso gremio.


-¿Os zocos de Merza son os únicos que se poden mercar no recinto feiral?

-A verdade é que somos os únicos que traemos zocos aínda que nos atopamos con outros artesáns galegos que mostran cerámica e encaixes. Zocos, non. En total somos máis de trescentos expositores chegados de toda España e mesmo de Portugal e de Hungría. De Galiza creo que a participación ronda os dez expositores, aproximadamente.

-¿Mostran os zocos de sempre?


-Temos os zocos de toda a vida con cordóns, sandalias, cintos, bolsos e aquí presentamos novos zocos de cores con dous pasadores. Son diferentes e é unha nova colección de inverno pero con colorido xa que a madeira está tinxida de azul, rosa, laranxa... Non son chamativos, son distintos aos que estamos acostumados a ver e a usar. Os que desexen contemplar esta nova colección poderán facelo o vindeiro día 18 na feira de Lalín, alí os teremos.

-¿Saben o que é un zoco?



ROMÁN GUTIÉRREZ

Publicidad




-Moitas persoas non teñen nin idea, é para eles unha auténtica sorpresa e non deixan de facer preguntas sobre os mesmos e sobre como se fan.

Tarifas publicitarias / publicidad@lavozdeg Galicia.es

[Contacte con nosotros: web@lavozdeg Galicia.es]

© Copyright LA VOZ DE GALICIA, S.A.
Polígono de Sabón, Arteixo, A CORUÑA (España)

Auditado por 

RM de La Coruña: tomo2413, folio84, hojaC-12502

CIF: B-15.482.177